

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E GADISA RETAIL S.L.U. PARA A CONVOCATORIA DO III CONCURSO DE CARTEIS PARA ESCOLARES RELACIONADO COA DOAZÓN E OS TRASPLANTES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa entidade Gadisa Retail, S.L.U. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura e até o 31 de xullo de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as partes, para levar a cabo a convocatoria do III Concurso de carteis para escolares relacionado coa doazón e os trasplantes, dirixido ao alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria e 1º, 2º e 3º de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) para o curso escolar 2020-2021. O concurso terá como tema “a doazón e os beneficios do transplante de órganos”, co fin de promover a sensibilización social de maneira responsable sobre a doazón, entendida como un acto voluntario e altruísta. Poderá participar nel o alumnado de todos os centros educativos, tanto sostidos con fondos públicos coma privados, da Comunidade Autónoma Galega.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, como entidade pública instrumental adscrita á Consellería de Sanidade, ten entre as súas competencias a de realizar actividades informativas e formativas para os/as profesionais, para as asociacións de persoas enfermas e organizacións civís e para a poboación xeral, en materia de doazón de sangue, medula ósea, sangue de cordón umbilical, órganos e tecidos e o seu uso, así como promover a participación activa, no marco da responsabilidade social corporativa, de institucións, organismos e empresas de Galicia, nas políticas de promoción da doazón de sangue, órganos e tecidos. En concreto, a Área de Órganos, Células e Tecidos da axencia é a responsable de coordinar a política de doazón e trasplante de

órganos e tecidos de aplicación en humanos nos centros sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, así como de realizar actividades formativas tanto para persoal sanitario coma non sanitario en materia de doazón e trasplante de órganos e tecidos. Entre as súas funcións está a de informar e difundir acerca da doazón e trasplantes de órganos e tecidos dirixido ás administracións e institucións sanitarias, profesionais, asociacións e, en especial, ao público en xeral a través de campañas de sensibilización social a favor da doazón, charlas divulgativas no ámbito escolar, información telefónica, o calquera outra, así como a elaboración e difusión de material divulgativo e didáctico.

Pola súa banda, Gadisa Retail, S.L.U, está interesada en colaborar, aproveitando os seus recursos, para fomentar a doazón de órganos, concienciando deste tipo de doazón e o deseño de intervencións informativas dirixidas á infancia e xuventude co obxecto de mellorar a opinión da doazón e os trasplantes de órganos, co fin de permitirlles tomar unha decisión propia e que sexan transmisores informados dos coñecementos adquiridos sobre a doazón no seu ámbito de influencia familiar, social, e académico, polo que acordaron subscribir o citado convenio.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

